

**CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A MOBILIDADE ERASMUS+ DE CURTA DURACIÓN CON
FINS DE ESTUDO DIRIXIDAS A ESTUDANTES DE GRAO, MÁSTER E DOUTORAMENTO DA UDC
PARA O CURSO ACADÉMICO 2023/24**

A Universidade da Coruña (en diante UDC) fai pública a seguinte convocatoria de mobilidades de estudos de curta duración para estudantes saíntes de grao, máster e doutoramento no marco do Programa ERASMUS+ KA131.

Esta convocatoria finánciase coas axudas orzamentarias conxuntas da Comisión Europea (proxectos “2021-1-E01-KA131-HED-000006401” e “2022-1-E01-KA131-HED-000056330”) e da UDC, polo importe inicial previsto de 20.000 euros, sen prexuízo de que este importe poida ser incrementado segundo a dispoñibilidade orzamentaria ou de ser posible nutrirse de incorporacións, con cargo á aplicación orzamentaria 08.00.E3.22.25.422D.480.00.

A convocatoria establece uns requisitos xerais e específicos que son aplicables ao tipo de mobilidade de curta duración. As persoas solicitantes atenderán tanto aos requisitos xerais como aos específicos co fin de presentar as súas solicitudes en forma.

En xeral, o estudantado poderá realizar tres tipos de mobilidade de curta duración:

- mobilidade presencial, desprazándose á universidade de destino durante o período de estadia correspondente (dispoñible só para estudantes de Doutoramento)
- mobilidade combinada, que ten un período presencial e outro virtual (dispoñible para estudantes de Grao, Máster ou Doutoramento)
- mobilidade no marco dun Programa Intensivo Combinado (Blended Intensive Program, en diante BIP), cun período presencial e outro virtual (dispoñible para estudantes de Grao, Máster ou Doutoramento)

1. REQUISITOS XERAIS DAS PERSOAS SOLICITANTES

1.1. Ter a cidadanía dun estado membro da Unión Europea ou de calquera outro estado que participe nas accións correspondentes do Programa ERASMUS+ con residencia oficial en España; ou ben ser unha persoa oficialmente recoñecida por España como residente, refuxiada ou apátrida. O alumnado estranxeiro que queira participar deberá dispor dun NIE en vigor, tanto no momento de solicitude como durante o período de mobilidade.

1.2. Estar matriculado/a nalgunha titulación oficial (Grao ou Máster) ou Programa de Doutoramento da UDC durante o curso académico 2023/24, ou acreditar que se está en proceso de formalizar a matrícula. No entanto, poderá presentar ademais a súa solicitude aquel estudantado que se atope nunha das seguintes situacións:

1.2.1. Estudantado proveniente doutras universidades que soliciten traslado de expediente para continuar os seus estudos na UDC para o curso 2023/24, previa achega da documentación pertinente que acredite o seu traslado académico, e a condición de que cumpra os demais requisitos da presente convocatoria.

Código Seguro De Verificación	65znSkHqzc7e8NV2SJ5G/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Internacionalización e Cooperación - María del Pilar García De La Torre	Asinado	26/09/2023 12:02:01
Observacións		Páxina	1/28
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/65znSkHqzc7e8NV2SJ5G/Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



1.2.2. Estudantado da UDC que interrompese os seus estudos e que non se atopase matriculado na universidade durante o curso 2022/23, pero que vaia a retomar os seus estudos matriculándose no curso 2023/24 na mesma titulación para o devandito curso previa achega do expediente académico e a condición de que cumpra os demais requisitos da presente convocatoria.

1.3. Ter coñecementos acreditados de nivel mínimo do idioma ou idiomas de instrución dos estudos que realizará en destino conforme ao indicado a continuación. O coñecemento de idiomas deberá acreditarse mediante a presentación das seguintes certificacións oficiais: <https://www.acles.es/index.php/216-táboas-de-certificados-recoñecidos-por-acles>.

O nivel mínimo da/s lingua/s de instrución en destino que se deberá acreditar será o seguinte (todos os niveis de coñecemento indicados están referidos ao Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas-MCERL):

A2 (completo): Cando a lingua que se empregue maioritariamente como lingua de instrución nos estudos que se van a realizar na universidade de destino sexa o francés, alemán, italiano ou portugués.

B1 (completo): Cando a lingua que se empregue maioritariamente como lingua de instrución nos estudos que se van a realizar na universidade de destino sexa o inglés.

B1 (completo) en lingua inglesa: Cando a lingua de instrución sexa calquera outro idioma distinto do inglés, francés, alemán, italiano e portugués.

Como un dos obxectivos da convocatoria é facilitar o coñecemento doutros sistemas educativos e a inmersión noutras culturas, non se admitirán solicitudes de estudantes da UDC con nacionalidade estranxeira para estadias nos seus propios países.

1.4. Aquelas persoas participantes que gozasen doutras bolsas dentro do programa Erasmus+ durante os seus estudos de Grao, Máster ou Doutoramento poderán solicitar unha bolsa de mobilidade BIP ou de Doutoramento, ao amparo da presente convocatoria, a condición de que o número de meses totais desta estadia, sumados aos anteriores que xa realizasen dentro do mesmo ciclo formativo de Grao, Máster ou Doutoramento, non exceda de 12 meses. Terán preferencia aquelas persoas que gozasen con anterioridade de bolsas do programa Erasmus+ para mobilidade de longa duración fronte aquelas que non realizasen unha mobilidade de longa duración antes.

1.5. Aquelas persoas participantes que non gozasen doutras bolsas dentro do programa ERASMUS+ durante os seus estudos de Grao ou Máster poderán solicitar unha bolsa de mobilidade combinada, ao amparo da presente convocatoria, a condición de que xustifiquen que non puideron nin poderán realizar unha mobilidade de longa duración debido ao seu campo de estudo ou porque dispoñen de menos oportunidades para ilo.

1.6. O alumnado de Doutoramento deberá ter aprobado o seu plan de investigación para realizar a mobilidade de curta duración.

Código Seguro De Verificación	65znSkHqzc7e8NV2SJ5G/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Internacionalización e Cooperación - María del Pilar García De La Torre	Asinado	26/09/2023 12:02:01
Observacións		Páxina	2/28
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/65znSkHqzc7e8NV2SJ5G/Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



2. CONDICIÓNS XERAIS DA CONVOCATORIA

2.1. Institucións de destino e número de prazas de cada programa de mobilidade: están dispoñibles as mobilidades cara ás universidades coas que estea asinado un convenio Erasmus de mobilidade de curta duración para alumnado saínte da UDC no correspondente nivel e área de estudos. A listaxe está disponible [nesta ligazón](#). O estudiantado interesado en presentar a súa solicitude ten que verificar co ou coa Responsable de Mobilidade do seu Centro a existencia das prazas na súa futura universidade de destino.

2.2. Duración e modalidade das estancias nas institucións de destino:

2.2.1. O estudiantado de Grao e de Máster que non puidese ou poida realizar estancias de longa duración, poderá realizar soamente as estancias combinadas onde deberá permanecer presencialmente na universidade de destino de 5 a 30 días, seguidos ou precedidos por un compoñente virtual ata completar un mínimo de 3 créditos ECTS.

2.2.2. O estudiantado de Doutoramento poderá realizar tanto estadias exclusivamente presenciais de 5 a 30 días, como combinadas, onde deberá permanecer na universidade de destino de 5 a 30 días, seguidos ou precedidos por un compoñente virtual. En ambos os casos requírese completar una carga de traballo equivalente a, como mínimo, 3 ECTS.

2.2.3. Pódense realizar varias estadias de curta duración ao longo dun mesmo curso académico e nivel de estudos, a condición de que o total das mobilidades realizadas no marco do programa Erasmus+ non exceda 12 meses. No entanto, no caso do alumnado que participe en BIPs límitase a súa participación a máximo 1 BIP por curso académico e un máximo de 3 BIPs ao longo de toda a titulación.

2.3. Dotación económica. O estudiantado acollido á mobilidade combinada só recibirá axuda financeira para o período de estadía física realizada en destino (a condición de que cumpra co número mínimo de días establecido). Así pois, non recibirá axuda financeira para o período virtual que leven a cabo desde España, aínda que forme parte da súa mobilidade combinada.

O alumnado que realice unha estadía presencial de 5 a 14 días recibirá unha axuda de manutención de 70 euros/día e do día 15 ao 30, 50 euros/día. O alumnado con menos oportunidades recibirá adicionalmente 100 euros para toda a mobilidade se o seu período de estadía é de 5 a 14 días e 150 euros adicionais se o seu período de estadía é de 15 a 30 días. Recíbese só una das dúas cantidades adicionais mencionadas.

2.4. Considérase estudiantado con menos oportunidades aquel que se atope nalgunha das seguintes situacións:

- a) Ser beneficiario/a dunha bolsa de estudos de carácter xeral da Administración Xeral do Estado para realizar estudos universitarios ou outros estudos superiores ou dunha bolsa do Departamento de Educación do País Vasco, ou dunha bolsa para a escolarización de estudantes de niveis non universitarios concedida polo Departamento de Educación do País Vasco no curso inmediatamente anterior ao que se vaia a realizar a mobilidade.

Código Seguro De Verificación	65znSkHqzc7e8NV2SJ5G/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Internacionalización e Cooperación - María del Pilar García De La Torre	Asinado	26/09/2023 12:02:01
Observacións		Páxina	3/28
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/65znSkHqzc7e8NV2SJ5G/Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



b) Ter a condición de persoa refuxiada ou con dereito a protección subsidiaria ou presentar solicitude de protección internacional en España.

c) Ter recoñecida e cualificada legalmente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento.

2.5. Axuda adicional por viaxe ecolóxica de 50 euros (pago único). O desprazamento ecolóxico defínese como aquel que utiliza no tramo principal do traxecto medios de transporte con baixas emisións, por exemplo, autobús, ferrocarril ou automóbil compartido. Poderase xustificar mediante unha declaración xurada asinada pola persoa que recibe a subvención de viaxe ecolóxica (xunto coas facturas/billetes).

2.6. Axuda adicional de viaxe. É posible engadir 1 día de viaxe antes da actividade e 1 día de viaxe despois da actividade presencial. É posible engadir 2 días de viaxe antes da actividade e 2 días de viaxe despois da actividade presencial para as viaxes ecolóxicas. En ámbolos casos o importe da axuda por día será o equivalente á axuda de manutención referida no punto 2.3. Adicionalmente, o alumnado con menos oportunidades percibirá unha axuda para o financiamento da viaxe de acordo á seguinte táboa:

Distancia de desprazamento	En caso de desprazamento estándar	En caso de desprazamento ecolóxico
Entre 10 e 99 km:	23 EUR por participante	-
Entre 100 e 499 km:	180 EUR por participante	210 EUR por participante
Entre 500 e 1999km:	275 EUR por participante	320 EUR por participante
Entre 2000 e 2999 km:	360 EUR por participante	410 EUR por participante
Entre 3000 e 3999 km:	530 EUR por participante	610 EUR por participante
Entre 4000 e 7999 km:	820 EUR por participante	-
8000 km ou máis:	1500 EUR por participante	-

A cantidade calcúlase en función das bandas de distancia establecidas polo calculador de distancias da Unión Europea do seguinte modo: a distancia entre a cidade da universidade de destino e a UDC: http://ec.europa.eu/programmes/erasmusplus/tools/distance_en.htm. A “distancia de viaxe” representa a distancia entre o lugar de orixe e o da realización da actividade, mentres que o “importe” cobre a contribución tanto para a viaxe de ida ao lugar de realización da actividade como para a viaxe de volta.

2.7. Todo o alumnado seleccionado, independentemente de que realice unha mobilidade presencial ou combinada deberá elaborar o Acordo de Aprendizaxe para Estudos (Learning Agreement). En ningún caso o estudantado seleccionado viaxará á universidade de destino sen o Acordo de Aprendizaxe para Estudos suscrito polo ou pola estudante e asinado por ambas as institucións (universidade de orixe e de destino). O PDF elaborado do devandito acordo deberá quedar en poder do ou da estudante, do coordinador académico e do responsable de mobilidade do centro. O documento de acordo de Aprendizaxe realizarase utilizando o modelo incluído en Anexo I desta convocatoria. Ademais, antes de iniciar a mobilidade, deberá enviarse o PDF do Learning Agreement tal e como se indica, segundo sexa o caso:

- Estudantes de Grao e Máster deberán mandalo á secretaría do seu centro.

Código Seguro De Verificación	65znSkHqzc7e8NV2SJ5G/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Internacionalización e Cooperación - María del Pilar García De La Torre	Asinado	26/09/2023 12:02:01
Observacións		Páxina	4/28
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/65znSkHqzc7e8NV2SJ5G/Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- Estudiantes de Doutoramento deberán enviarlo á secretaría da Escola de Doutoramento.

Poderanse facer cambios ao Acordo de Aprendizaxe, cando concorran circunstancias especiais, dentro do prazo da primeira semana de estadia en destino.

2.8. O ou a estudante deberá formalizar o seu Convenio de Subvención, así como as posibles emendas que se produzan con posterioridade, na Oficina de Relacións Internacionais antes de iniciar a súa mobilidade, a través dos medios establecidos para iso.

2.9. O alumnado de Grao ou Máster terá que realizar a mobilidade antes da lectura do TFG ou TFM, non admitíndose a mobilidade de estudantes que superasen todos os créditos dos seus estudos, aínda que manteñan aberta a súa matrícula.

2.10. En ningún caso o estudantado seleccionado viaxará á universidade de destino sen ter formalizada a matrícula na UDC para o curso 2023/24. Para as titulacións de Grao ou Dobre Grao poderá estar matriculado no primeiro ano de carreira.

2.11. A ou o estudante terá a posibilidade de realizar a mobilidade das seguintes maneiras de acordo co número de días mínimos (5) e máximos (30) establecido no programa:

- Grao e Máster: obrigatoriedade de mobilidade combinada: virtual e presencial en destino.

- Doutoramento: posibilidade de mobilidade combinada ou únicamente presencial.

No caso das mobilidades combinadas daráselle prioridade ás mobilidades no marco dun BIP.

3. FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDES

3.1. Antes de presentar a súa solicitude, a ou o estudante deberá comprobar, a través das páxinas web das universidades de destino do seu interese, as titulacións impartidas, os plans de estudos ofertados, o catálogo de cursos dispoñibles, a duración dos correspondentes semestres, os requisitos académicos e os requisitos adicionais (por exemplo: acreditacións de idiomas necesarias) que ditas universidades requiran e cumprilos. No caso de que non atope algún destes datos, o estudante contactará coa persoa coordinadora da universidade de destino para obtelos. Logo, deberá contactar coa súa coordinadora ou coordinador académico da UDC para verificar as posibilidades de recoñecemento académico requiridas nesta convocatoria.

3.2. A convocatoria permanecerá **aberta durante todo o curso académico 2023-24**, realizándose as **adxudicacións das prazas cunha periodicidade mensual** (se existen solicitudes presentadas) ata esgotar o orzamento dispoñible estipulado nesta convocatoria. Poderanse conceder mobilidades con “bolsa cero”, é dicir, sen financiamento.

3.3. Forma de presentación de solicitudes:

- A **solicitude on-line** estará dispoñible na páxina web da ORI ([dispoñible a través desta ligazón](#)).

- Excepto por causas xustificadas que valorará a ORI, a solicitude deberá **presentarse como mínimo dous meses antes de empezar a mobilidade**.

Código Seguro De Verificación	65znSkHqzc7e8NV2SJ5G/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Internacionalización e Cooperación - María del Pilar García De La Torre	Asinado	26/09/2023 12:02:01
Observacións		Páxina	5/28
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/65znSkHqzc7e8NV2SJ5G/Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



3.4. Documentación a achegar en formato PDF na solicitude online, ou no momento de aceptación (segundo corresponda):

a) Copia por ambos os lados do NIF ou NIE en vigor. Quen ostente a condición de persoa refuxiada, apátrida ou residente, deberá achegar os documentos xustificativos das devanditas circunstancias.

b) Copia do Código Internacional de Conta Bancaria (IBAN) facilitado pola entidade bancaria, dunha conta bancaria aberta en España e da que haberá que ser titular, rexistrada a través da Sede Electrónica da UDC.

c) Acreditación de nivel de idiomas. Para poder ser avaliado este mérito, as acreditacións deberán corresponder a calquera das recollidas na lista de acreditacións aceptables publicadas na páxina web da ORI.

d) Impreso de Carta de Proposta (Proposal Letter) da mobilidade de curta duración (Anexo II) asinado polo Responsable de Mobilidade do Centro da UDC e pola universidade de destino.

e) Acordo de Aprendizaxe (Learning Agreement) en formato PDF xestionado a través do modelo publicado na páxina web da ORI (dispoñible no Anexo I) asinado por todas as partes implicadas.

4. PROCESO DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

4.1. Presentada a solicitude, procederase á revisión da documentación achegada polas persoas solicitantes mensualmente ao principio do mes seguinte á presentación da solicitude.

4.2. A Vicerreitora de Internacionalización e Cooperación ordenará a publicación da relación de solicitudes rexeitadas, pendentes de emenda ou admitidas a trámite na páxina web da convocatoria. As persoas solicitantes disporán dun prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da listaxe, para presentar alegacións dirixidas á ORI.

4.3. Unha vez resoltas as alegacións e corrixidos os erros, procederase á baremación das solicitudes. O coordinador responsable de cada centro da UDC, no seu caso, seleccionará aos estudantes tendo en conta as puntuacións obtidas tras a aplicación do baremo (de acordo ao artigo 9 do [Regulamento de mobilidade internacional](#)). No caso das persoas doctorandas, será necesario ter aprobado o plan de investigación pola Comisión Académica da Escola de Doutoramento.

4.4. En caso de empate técnico na cualificación global, procederase ao desempate segundo o expediente académico, aplicando o coeficiente de 1.17 para as titulacións técnicas.

4.5. Transcorrido o prazo de alegacións e, de ser o caso, tras proceder aos desempates, o órgano competente resolverá as alegacións presentadas e elevará a proposta á Vicerreitora de Internacionalización e Cooperación que ditará resolución de adxudicación definitiva, que se publicará na web da convocatoria.

4.6. Contra a resolución definitiva, que non esgota a vía administrativa, cabe interpor recurso de alzada ante o Sr. Reitor Magnífico da UDC no prazo dun mes a partir do día seguinte á

Código Seguro De Verificación	65znSkHqzc7e8NV2SJ5G/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Internacionalización e Cooperación - María del Pilar García De La Torre	Asinado	26/09/2023 12:02:01
Observacións		Páxina	6/28
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/65znSkHqzc7e8NV2SJ5G/Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



publicación da Resolución, conforme á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4.7. As persoas seleccionadas deberán cumprimentar o formulario de aceptación ou renuncia da concesión da praza, dispoñible na web da ORI ([dispoñibles a través desta ligazón](#)), no prazo de cinco días hábiles desde o día seguinte á data de publicación, e achegar a declaración responsable de aceptación ou renuncia (Anexo V). O estudantado seleccionado que non presente o formulario de aceptación ou renuncia no prazo establecido, entenderase que renuncia á bolsa concedida, procedéndose a chamar ao primeiro suplente. As persoas suplentes serán chamadas por orde, en caso de renuncia da praza polo titular ou de imposibilidade de poder levar a cabo a estancia por parte do titular.

4.8. Os destinos e universidades de acollida serán asignados ás persoas seleccionadas, aínda que serán as universidades de acollida as que acepten en última instancia a cada persoa candidata. A admisión final na praza de mobilidade quedará, por tanto, condicionada a que o ou a estudante cumpra os requisitos de admisión da universidade de destino (especialmente os relacionados coa capacidade idiomática e adecuación dos estudos) e, por tanto, á aceptación do estudante por parte da universidade de acollida.

4.9. Notificacións sobre o proceso:

4.9.1. A Vicerreitora de Internacionalización e Cooperación da UDC ordenará a publicación das resolucións de adjudicación de cada fase e das listaxes de estudantado seleccionado na páxina web da ORI.

4.9.2. Esta publicación servirá de notificación oficial ás persoas solicitantes, de acordo co artigo 45b) da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. É responsabilidade da propia persoa solicitante consultar a web da ORI para ter información sobre o proceso de selección, así como consultar o seu correo electrónico da UDC ao que se lle enviará a notificación.

5. COMPROMISO DE ACEPTACIÓN DA BOLSA

5.1. Obrigacións e recomendacións para as persoas seleccionadas:

As persoas candidatas seleccionadas que acepten a bolsa de mobilidade ao amparo da presente convocatoria, quedan obrigadas a:

5.1.1. Facer as xestións oportunas para obter o certificado software de sinatura dixital, que expide a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre, a través da Real Casa da Moeda (<https://www.sede.fnmt.gob.es/certificados/personafisica/obtener-certificado-software>). Así mesmo, deberá utilizar este certificado para asinar todos os documentos relativos á súa mobilidade.

5.1.2. Formalizar a súa matrícula na UDC para o curso 2023/24, incluíndo na mesma, de ser o caso, as materias que constan no Acordo de Aprendizaxe para Estudos (Learning Agreement).

Código Seguro De Verificación	65znSkHqzc7e8NV2SJ5G/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Internacionalización e Cooperación - María del Pilar García De La Torre	Asinado	26/09/2023 12:02:01
Observacións		Páxina	7/28
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/65znSkHqzc7e8NV2SJ5G/Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



5.1.3. Formalizar o seu Convenio de Subvención, así como as posibles emendas que se produzan con posterioridade na ORI antes de iniciar a súa mobilidade, a través do medio establecido para iso.

5.1.4. Presentar na ORI antes de iniciar a súa mobilidade e, a través do medio establecido para iso, a póliza do seguro obrigatorio, que cubra todo o período de estadía presencial na universidade de acollida e calquera outro documento ou condición que esixan os organismos financiadores e/ou as universidades socias, especialmente, para os trámites de visado e estadía no estranxeiro.

5.1.5. En ningún caso o estudiantado seleccionado viaxará á universidade de destino sen o Acordo de Aprendizaxe para Estudos (Learning Agreement), suscrito polo ou pola estudante e asinado e selado por ambas as institucións (universidade de orixe e de destino). O PDF elaborado do devandito acordo deberá quedar en poder do ou da estudante, do ou da coordinadora académica e do ou da responsable de mobilidade do centro. O documento de acordo de Aprendizaxe realizarase empregando o modelo incluído en Anexo I desta convocatoria. Ademais, antes de iniciar a mobilidade, deberá enviarse o PDF do Learning Agreement tal e como se indica segundo sexa o caso:

- Estudantes de Grao e Máster deberán mandalo á secretaría do seu campus.
- Estudantes de Doutoramento deberán enviálo á secretaría da Escola de Doutoramento.

Ao Acordo de Aprendizaxe, cando concorran circunstancias especiais, poderánselle facer cambios dentro do prazo dunha semana tras o inicio da estadía en destino.

5.1.6. Presentar na universidade de destino os documentos adicionais esixidos por esta para ser aceptado ou aceptada. Ademais, en caso de ser necesario para a realización da súa estadía, o ou a estudante deberá solicitar e formalizar o visado de estudantes.

5.1.7. Remitir á ORI a través do medio establecido para iso, o Certificado de Chegada da UDC (Anexo III) debidamente asinado e selado pola universidade de destino nun prazo non superior a dous días hábiles dende a súa incorporación.

5.1.8. Realizar a estadía na universidade de destino durante o curso académico 2023/24, segundo o Acordo de Aprendizaxe para Estudos suscrito, respectando as normas e usos propios que rexen na universidade de acollida.

5.1.9. Permanecer na universidade de destino un período físico ininterrompido de mínimo 5 días, e máximo 30 días. O período de estadía física en destino cunha duración inferior ao mínimo establecido suporá a perda do dereito á percepción da bolsa que se conceda e dará lugar á reclamación das cantidades abonadas para a súa devolución, no seu caso. En calquera caso, as datas reais da estadía do estudante na universidade de destino serán as que figuren no Certificado Final de Estadía (dispoñible en Anexo IV) que, a tales efectos, debe cumprimentar e asinar a universidade de acollida. A cantidade económica inicialmente asignada a cada estudante axustarase en función deste período acreditado, sempre que sexa superior ao mínimo establecido e tendo en conta o número máximo de días financiados especificados no convenio financeiro.

Código Seguro De Verificación	65znSkHqzc7e8NV2SJ5G/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Internacionalización e Cooperación - María del Pilar García De La Torre	Asinado	26/09/2023 12:02:01
Observacións		Páxina	8/28
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/65znSkHqzc7e8NV2SJ5G/Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



5.1.10. O alumnado de Grao e de Máster terá que complementar o seu período de estadía física obrigatoriamente cunha compoñente virtual.

5.1.11. Se antes de cumprir o período mínimo de estadía, a persoa participante ten que interromper a súa mobilidade debido a un caso individual de forza maior (segundo a definición provista por cada programa de mobilidade), deberá comunicar a circunstancia de maneira inmediata á ORI. Posteriormente, terá que presentar a documentación pertinente por calquera dos medios válidos en Rexistro da UDC, para seguir as normas da convocatoria. Así mesmo, é responsabilidade do/da estudante comunicar a súa baixa a todos os organismos implicados (ORI UDC, universidade de destino, aloxamento, persoas coordinadoras...).

5.1.12. Cumprir con aproveitamento o programa de aprendizaxe acordado, debendo axustarse ás normas propias do centro onde vaia a realizarse, con dedicación exclusiva a esta función, e respectando o regulamento disciplinario dos estudantes ou normativa equivalente.

5.1.13. A xestión da viaxe, a procura de aloxamento e os trámites de inscrición na universidade de destino non son responsabilidade da UDC, senón que forman parte das obrigas do estudante, aínda que desde a ORI se porá á disposición do estudantado seleccionado a información que a universidade de destino facilite, no seu caso, para estes fins. É responsabilidade do alumnado a realización correcta destes trámites, así como coñecer e respectar aquelas condicións específicas que algunhas universidades teñen con respecto aos aloxamentos que proporcionan ao estudantado.

5.1.14. Entregar o Certificado Final de Estadía (Anexo IV), debidamente cumprimentado, asinado e selado pola universidade de acollida, nun prazo de dez días hábiles desde que finalice o período de estadía. O Certificado Final de Estadía non poderá indicar unha data final de estadía posterior á data de expedición do certificado; nese caso entenderase como data final da estadía a propia data de expedición. Así mesmo, tampouco poderá conter erratas e/ou emendas, nin ser rectificado manualmente. Este certificado só poderá validarse se se recibe o documento orixinal ou copia en formato PDF dende a institución de destino.

5.1.15. Tramitar o recoñecemento académico de Grao, Máster ou Doutoramento, segundo se indica no apartado 6 das bases desta convocatoria.

5.1.16. Enviar o Informe Final (Módulo de Beneficiario BM) sobre o desenvolvemento da súa estadía na universidade de destino, dentro dos 10 días seguintes á recepción do requirimento do BM (Comisión Europea) a través da ligazón que recibirá na súa dirección de correo electrónico da UDC.

5.1.17. Independentemente da contratación do seguro obrigatorio que indique a UDC, é responsabilidade do alumnado tramitar o cartón sanitario europea ou equivalente, no Instituto Nacional da Seguridade Social, a efectos de cobertura en casos de enfermidade.

5.1.18. As persoas participantes seleccionadas están obrigadas a cumprir coa normativa vixente en materia de regularización da súa estadía no estranxeiro en xeral. Ademais, recoméndaselles a comunicación da súa chegada na Oficina consular española no seu país de destino. Así mesmo, deberán informarse e seguir as recomendacións sanitarias en

Código Seguro De Verificación	65znSkHqzc7e8NV2SJ5G/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Internacionalización e Cooperación - María del Pilar García De La Torre	Asinado	26/09/2023 12:02:01
Observacións		Páxina	9/28
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/65znSkHqzc7e8NV2SJ5G/Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



materia de vacinación internacional que determine o Ministerio de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde.

5.1.19. A persoa participante seleccionada, que realice unha mobilidade internacional, será a responsable de verificar a apertura das fronteiras ata o seu destino final, así como as posibles restricións esixidas polas autoridades dos distintos países aos cidadáns de nacionalidade española ou procedencia desde España. Para iso recoméndase visitar a páxina web do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación.

5.1.20. É responsabilidade do ou da estudante gardar evidencias de toda a documentación relacionada coa súa mobilidade.

5.1.21. Cumprir calquera outra condición que determinen os organismos financiadores e/ou a universidade socia.

5.2. Renuncias: Se a persoa estudante seleccionada incumpre os compromisos previamente acordados (renuncia á bolsa, acurta o seu período de estadía, etc.), a UDC procederá a reclamarlle a devolución total ou parcial da bolsa recibida, debendo o/a estudante proceder en consecuencia e pór á disposición da universidade o importe da bolsa recibida no menor tempo posible. En calquera caso, as datas reais da estadía na universidade de destino serán as que figuren no Certificado Final de Estadía que, a tales efectos, debe asinar a universidade de acollida. A cantidade económica inicialmente asignada a cada estudante axustarase en función deste período acreditado segundo está especificado no convenio financeiro. Así mesmo, a renuncia á mobilidade polo ou pola participante fóra do prazo establecido, excepto casos de forza maior, poderá conlevar unha penalización de participación ao ano seguinte na Convocatoria de bolsas para a mobilidade con fins de estudo dirixidas ao alumnado de Grao, Máster e Doutoramento.

6. RECOÑECEMENTO ACADÉMICO

6.1. En caso de aceptación por parte da universidade de destino, e sempre antes do comezo do período de mobilidade, o ou a estudante deberá elaborar, conxuntamente co coordinador ou a coordinadora académica responsable, o Acordo de Aprendizaxe para Estudos (Learning Agreement), que contemplará o plan de estudos que se vai realizar na universidade de destino. Neste, poderá incluírse calquera materia do plan de estudos que curse o ou a estudante, respectando as restricións, incompatibilidades e requisitos do devandito plan. O documento de acordo de Aprendizaxe realizarase utilizando o modelo incluído en Anexo I desta convocatoria.

6.2. Non poderán ser obxecto de inclusión no Acordo de Aprendizaxe para Estudo e o seu posterior recoñecemento aquelas materias non incluídas no plan de recoñecemento académico do centro da UDC.

6.3. O alumnado de Grao e Máster deberá incluír nos seus Acordos de Aprendizaxe para Estudos un mínimo de 3 créditos ECTS.

6.4. O alumnado de Doutoramento deberá incluír nos seus Acordos de Aprendizaxe para Estudos a proposta de investigación a desenvolver no destino tendo en conta que 25 horas

Código Seguro De Verificación	65znSkHqzc7e8NV2SJ5G/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Internacionalización e Cooperación - María del Pilar García De La Torre	Asinado	26/09/2023 12:02:01
Observacións		Páxina	10/28
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/65znSkHqzc7e8NV2SJ5G/Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



corresponden a un 1 crédito ECTS. O mínimo de créditos cursados na universidade de destino serán os equivalentes a 3 créditos ECTS.

6.5. O ou a estudante deberá estar matriculada na UDC, con carácter de mobilidade, en todas as materias ou períodos de investigación no estranxeiro (en caso de Doutoramento) que vaian ser obxecto de recoñecemento ao seu regreso. É responsabilidade do ou da estudante que a súa matrícula en mobilidade se corresponda exactamente coas materias ou investigación que pretende que se lle recoñezan e que estas fosen incluídas no seu Acordo de Aprendizaxe para Estudos inicial ou nas súas modificacións posteriores, de acordo co establecido nesta convocatoria. En ningún caso serán obxecto de recoñecemento materias ou períodos de investigación que non fosen incluídos nos Acordos de Aprendizaxe para Estudos e/ou que non se atopen matriculados en mobilidade. Tampouco se recoñecerán aquelas materias ou períodos de investigación no estranxeiro que non se incluíron no Acordo de Aprendizaxe para Estudos nos prazos establecidos, aínda que se cursasen e superasen.

6.6. Finalizada a estadía, o ou a estudante de Grao ou Máster deberá entregar o Certificado de Cualificacións conforme aos criterios do Sistema Europeo de Transferencia de Créditos (ECTS) na ORI, no prazo e condicións que esta estableza para iso.

6.7. Finalizada a estadía, o ou a estudante de Doutoramento deberá entregar na ORI e na Escola Internacional de Doutoramento un informe de aproveitamento da estadía segundo o modelo do Acordo de Aprendizaxe, parte "After the mobility, debidamente asinado e selado pola persoa responsable da universidade de acollida, e unha Memoria Final da Estadía (modelo libre), que deberá elaborar o propio estudante, e estar asinado pola persoa responsable da universidade de acollida.

6.8. O ou a estudante de Doutoramento, tras a finalización da súa estadía e ao seu regreso á UDC, deberá realizar na Oficina de Posgrao os trámites oportunos para obter o recoñecemento da súa mobilidade no seu Programa de Doutoramento.

7. ADXUDICACIÓN DAS BOLSAS ECONÓMICAS E REQUISITOS PARA O SEU ABONO

7.1. A contía da bolsa está destinada a sufragar parcialmente os gastos da estadía física en destino, polo que o período de mobilidade virtual queda excluído do devandito financiamento. A dotación económica final, en todo caso, será a que resulte da aplicación das instrucións establecidas polas normas de xestión e funcionamento do programa Erasmus+ ditadas pola Comisión Europea. O cálculo do tempo de estadía real da persoa participante farase mediante as datas que aparecen no Certificado Final de Estancia, cumprimentado e asinado pola universidade de acollida.

7.2. A persoa participante que dea por finalizada a súa estadía antes de cumprir o período de estudos previsto perderá o dereito a percibir a contía total da bolsa. En tal caso, a persoa participante terá dereito á percepción da parte da bolsa proporcional ao período efectivamente gozado na universidade de destino, sempre que permanecese o período mínimo establecido (5 días). O ou a estudante queda, no seu caso, obrigado/a á devolución da parte da bolsa indebidamente percibida por minoración da estadía ou incumprimento dos requisitos adicionais que se impuxeron polo convenio financeiro. Se a persoa participante ten

Código Seguro De Verificación	65znSkHqzc7e8NV2SJ5G/Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Internacionalización e Cooperación - María del Pilar García De La Torre	Asinado	26/09/2023 12:02:01
Observacións		Páxina	11/28
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/65znSkHqzc7e8NV2SJ5G/Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



que interromper o seu período de mobilidade física debido a un caso individual de forza maior (segundo a definición provista por cada programa de bolsas) antes de cumprir o período mínimo de mobilidade, deberá comunicar a circunstancia de maneira inmediata, á ORI da UDC, con posterior presentación da documentación pertinente por calquera dos medios válidos en Rexistro, para seguir as normas establecidas por esta convocatoria para estes casos. Se a persoa participante cancela a súa estadía antes do fin previsto ou se a incumpre por unha causa que non se considere de forza maior, terá a obriga de devolver á UDC a totalidade do importe da subvención xa recibida.

7.3. O ou a participante deberá ademais enviar ao correo electrónico da ORI (outgoing.rrii@udc.es ou riferrol@udc.es), o Certificado de chegada da UDC na institución de destino, debidamente asinado e selado por esta, nun prazo non superior a dous días hábiles desde a súa incorporación. O cumprimento deste trámite será necesario para seguir recibindo o importe da bolsa, polo que un atraso no envío do mesmo ou de calquera outro documento necesario para iso suporá un atraso no abono da mesma.

7.4. O número máximo de días que se poden financiar será de 30 días, e sempre tendo en conta a dispoñibilidade orzamentaria.

7.5. O pago da bolsa realizarase mediante transferencia bancaria á conta indicada pola persoa participante, da que debe ser titular e aberta en España, da seguinte forma:

- Un pago inicial do 80% da bolsa, que se tramitará previa validación pola ORI dos documentos relativos á axuda económica indicados na presente convocatoria. Así mesmo, establécese que non se poderá comezar a tramitación do devandito ingreso se algún dos documentos necesarios non se atopa validado por conter algún defecto de contido e/ou forma.

- Un pago final, correspondente ao 20% da cantidade total asignada, que se transferirá ao finalizar a estadía. Para que se poida levar a cabo a súa tramitación a persoa beneficiaria deberá realizar as seguintes xestións:

- Entregar na ORI os seguintes documentos:

a) O Certificado Final de Estadía, debidamente cumprimentado, asinado e selado pola universidade de acollida, nun prazo de dez días hábiles desde que finalice o período de estadía. O Certificado Final de Estadía non poderá indicar unha data final de estadía posterior á data de expedición do certificado, nese caso entenderase como data final da estadía a propia data de expedición. Así mesmo, tampouco poderá conter erratas e/ou emendas nin ser rectificado manualmente. Este certificado só poderá validarse se se recibe o documento orixinal ou, no seu defecto, copia en PDF desde a institución de destino.

